

## **BASES DOS PREMIOS DO PATRIMONIO CULTURAL DO SEMINARIO DE ESTUDIOS DE DEZA 2022**

Co fin de recoñecer o esforzo, a dedicación e a positiva contribución no campo do traballo e a investigación por conservar o noso patrimonio cultural, dende o Seminario de Estudos de Deza, créanse estes premios destinados a valorar a traxectoria vinculada á protección, conservación, investigación e difusión do patrimonio cultural galego, material e inmaterial, en calquera medio ou campo de actuación na Comarca de Deza, en particular.

### **1.- OBXECTO.-**

Con estes premios quérese distinguir a labor de persoas, colectivos ou entidades que presenten unha traxectoria meritosa vinculada á protección, conservación, investigación e difusión do patrimonio cultural galego, material e inmaterial, en calquera medio ou campo de actuación na Comarca de Deza.

As modalidades para o ano 2022 son:

- Premio á posta en valor e divulgación do patrimonio cultural de Deza.
- Premio á investigación do patrimonio cultural de Deza.
- Premio de honra do Seminario de Estudos de Deza (darase cando o Seminario o considere oportuno).
- Premio Descubrindo (a colaboradores destacados do anuario).

### **2.- CONDICIÓN.S.-**

Poderán aspirar a este premio:

As persoas, colectivos ou entidades, que se distingan pola súa traxectoria vinculada á protección, conservación, investigación e difusión do patrimonio cultural galego, material e inmaterial, en calquera medio ou campo de actuación na Comarca de Deza.

### **3.- CONTIDO DOS PREMIOS.-**

Concederáse un único premio para cada unha das modalidades descritas no artigo un destas Bases, que consistirá nunha reprodución da “Pía de Donramiro” realizada por un artesán galego.

### **4.- PROPOSICIÓN DE ASPIRANTES.-**

Abrirase un proceso para que todo aquel que queira enviar os candidatos ós premios poida facelo. Farase público na páxina web do Seminario de Estudos do Deza e tamén en prensa.



Na propia páxina poderán enviar un formulario totalmente anónimo cos/as candidados/as, durante o prazo de 5 días naturais unha vez publicadas.

Nese formulario deberán xustificar o porqué consideran que o/a aspirante merece recibir este premio dun xeito breve . Esa xustificación, debe basearse en traballos feitos pola Comarca do Deza.

## 5.- XURADO.-

O xurado estará formado de acordo coa seguinte composición:

- Coordinador xeral do SED
- Membros da coordinación técnica do SED
- Un membro da coordinación administrativa do SED
- Un membro da sección de difusión do SED
- Un membro da sección de actividades do SED
- A persoa encargada da coordinación administrativa actuará como secretaria e levantará acta das decisións tomadas polo xurado.

## 6.- RESOLUCIÓN.-

Unha vez presentadas as candidaturas, serán valoradas por maioría de votos polo xurado, reunido para o fallo dos premios na semana seguinte a que remate o prazo de presentación das propostas.

Antes do acto de celebración farase público o fallo do xurado, que será inapelable; e aprobarase a acta na Comisión Executiva.

## 7.- ENTREGA DO PREMIO.-

Os **PREMIOS DO PATRIMONIO CULTURAL DO SEMINARIO DE ESTUDIOS DE DEZA 2022** entregaranse no marco dun acto organizado polo Seminario de Estudos de Deza antes do remate do ano 2022, coincidindo coa presentación do Anuario Descubrindo.

Lalín, novembro de 2022

A Vicepresidenta,  
Begoña Blanco Blanco

